

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE AO COVID 19
PARA A VOLTA Á ACTIVIDADE DEPORTIVA NO
CONCELLO DE VEDRA**

**ACTUALIZACIÓN 2
30/09/2020**

As normas deste protocolo entran en vigor na data de referencia e teñen vixencia con carácter indefinido ata unha nova actualización.



**Concello
de Vedra**

CONTIDO

1. ANTECEDENTES

1.1.A COVID-19 E A SÚA EVOLUCIÓN

1.2 SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO

2.- OBXECTO E ALCANCE

3.- MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

3.1. . MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

3.2.MEDIDAS PARA os/as PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS E TRABALLADORES/AS

3.3. PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID-19

3.4.OUTRAS MEDIDAS

4.- PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS

5.- IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS CORRECTORAS PERSOAIS

5.1.- TRABALLADORES

5.2.- PERSOAS USUARIAS

5.3.- OUTRAS PERSOAS

6.- PROTOCOLO DE MEDIDAS PREVENTIVAS NOS DISTINTOS ESPAZOS E SITUACIÓNS

6.1.- NORMAS XERAIS

6.2.- ACCESOS E SAÍDA

6.3.- PISTA POLIDEPORTIVA

6.4.- XIMNASIO

6.5.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE ADULTOS

6.6.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE MENORES

6.6.- XIMNASIO

6.7.- ASEOS E VESTIARIOS

6.8.- OFICINA

6.9.- TAQUILLAS

7.- PLAN DE ALARMA. ESPAZO ESPECIAL PARA CASOS CON SINTOMATOLOXÍA COVID-19

8.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE PERSOAS USUARIAS

9.- INFOGRAFÍAS INFORMATIVAS

10.- REFERENCIAS

1. ANTECEDENTES

1.1- O CORONAVIRUS E A SÚA EVOLUCIÓN

O coronavirus debe o seu nome ao aspecto que presenta, semellante a unha coroa. Trátase dun tipo de virus presente tanto en humanos como en animais.

Nos últimos anos describíronse tres brotes epidémicos importantes causados por coronavirus:

SRAS- CoV: A síndrome respiratoria aguda e grave (SRAS, tamén coñecida como SARS e SRAG) iniciouse en novembro de 2002 en China, afectou a máis de 8.000 persoas en 37 países e provocou máis de 700 mortes. A mortalidade do SRAS- Cov cifrouse no 10% aproximadamente.

MERS- CoV: O coronavirus causante da síndrome respiratoria de Oriente Medio (MERS) foi detectado por primeira vez en 2012 en Arabia Saudita. Notificáronse ata outubro de 2019 máis de 2.400 casos de infección en distintos países, con máis de 800 mortes. A letalidade é, por tanto, do 35%.

COVID-19: A finais de decembro de 2019 notificáronse os/as primeiros casos dun novo coronavirus na cidade de Wuhan (China). Desde entón o goteo de novos infectados polo virus SARS- CoV-2 (inicialmente chamado 2019 nCoV), que provoca o COVID-19, foi continuo e a súa transmisión de persoa a persoa acelerouse. os/as casos declarados de pneumonía de Wuhan superan con fartura aos da epidemia de SRAS, pero a taxa de letalidade é máis baixa.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou a situación de pandemia. Hai persoas infectadas na práctica totalidade do planeta e os/as profesionais sanitarios insisten na necesidade de seguir, forma estrita, as medidas preventivas.

En España o 14 de marzo de 2020 decretouse o estado de alarma e as autoridades sanitarias insisten na necesidade de permanecer en casa para conter a transmisión, aínda que tras aproximadamente mes e medio de medidas de contención estrita, comezou o que se deu en chamar “desescalada” ou volta progresiva á “nova normalidade”.

1.2- SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO DO COVID-19

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os/as síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansazo. Outros síntomas menos frecuentes son dores e molestias, congestión nasal, dor de cabeza, conxuntivite, dor de gorxa, diarrea, perda do gusto ou do olfacto e as erupcións cutáneas ou cambios de cor nos dedos das mans ou os/as pés. Estes síntomas adoitan ser leves e comezan gradualmente. Algunhas das persoas infectadas só presentan síntomas moi leves ou asintomáticos.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus. A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas do nariz ou a boca dunha persoa infectada ao tusir, espirrar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por iso é importante manter a distancia interpersoal de 1,5 m. de ao menos a 1,5 metros con respecto a outras persoas, e o uso de máscara.

Estas gotículas poden caer sobre os/as obxectos e superficies que rodean á persoa, mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. podendo provocar a infección de outras persoas se tocan eses obxectos ou superficies coas mans e posteriormente as levan aos ollos, o nariz ou boca. Por isto é tan importante lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou cun desinfectante a base de alcol e evitar tocar os/as ollos, a boca ou o nariz.

2.- OBXECTO E ALCANCE

O obxecto deste documento é planear as medidas de prevención e actuacións específicas para o desenvolvemento das actividades deportivas no concello de Vedra garantindo a seguridade e saúde dos traballadores e das persoas usuarias das actividades e servizos deportivos, fronte á exposición á COVID-19. Ditas pautas inclúen as medidas preventivas e as medidas técnicas, organizativas e de protección.

O protocolo será de obrigado cumprimento para todas as persoas usuarias e para os traballadores

3. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os/as axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais.

3.1- MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

Con carácter xeral, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes medidas:

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado debidamente autorizados e rexistrados. No uso do produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se mesturarán produtos diferentes.

Tras cada limpeza, os/as materiais empregados e os/as equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa, estableceranse os/as mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixiene destes postos. Recomendarase traballo distribuído en parellas de ser preciso.

Procurarase que os/as equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Realizaranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas para evitar o contacto das persoas por exemplo co pomos de portas. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os/as tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

Dotaranse de puntos de xel hidroalcohólico a entrada e a saída das instalacións e distribuiranse en cantidade e número suficiente pola instalación para que as persoas usuarias poidan utilizalos en calquera momento.

Estableceranse puntos con pulverizadores desinfectantes tipo lixivia ou desinfectantes virucidas para que as persoas usuarias e os propios traballadores poidan colaborar na propia desinfección dos espazos e materiais.

Disporase de papeleiras, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberán contar con bolsa desbotable que se cambie ao menos unha vez ao día.

3.2.- MEDIDAS PARA TRABALLADORES E PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS E ACTIVIDADES:

Xerais:

Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a entidade deportiva no seu protocolo.

- **Deberase manter a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento, antes durante e despois da práctica deportiva.** A estes efectos, o protocolo establecerá as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.
- **Obrigatorio o uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva** por parte da persoa usuaria ou da persoa traballadora, no caso desta última se a actividade require esforzo físico (exemplo aeróbic ou zumba). Cando non se estea utilizando a máscara, esta deberá gardarse axeitadamente, de xeito hixiénico, para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou espirrar e neste último caso desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os/as ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- As persoas que teñan algún síntoma compatible con estar infectado por Covid-19, como febre, tose, dificultade respiratoria etc, non deberán asistir as instalacións, actividades ou servizos deportivos, deberán quedar na casa e poñerse en contacto canto antes co seu médico, así como seguir o plan de comunicación e actuación xeral establecido neste protocolo (3.3).
- As persoas que tiveran contacto estreito recentemente con algún paciente infectado por Covid-19 non deberán acudir as instalacións, actividades ou servizos deportivos, e deberán quedar na casa ata finalizar o período de corentena indicado polas autoridades sanitarias. De non estar xa en contacto co sistema sanitario, deberán poñerse en contacto canto antes.
- Os pacientes que deran positivo a proba para detección do Covid-19 e non estean de alta, non poderán saír da casa, polo que non poderán as instalacións, actividades ou servizos deportivos.

3.3.-PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID19

No caso de que unha persoa usuaria do servizo de Deportes de Vedra ou un traballador/a teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>).

Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En referencia ao anterior **recoméndase unha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte das persoas usuarias e dos traballadores/as das instalacións.**

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducirase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e una papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Si se percibira gravidade chamarase ao 061.

Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

3.3.1-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INDIVIDUAL ANTE A SOSPEITA DE COVID19



3.3.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN AS PERSOAS TRABALLADORAS DA INSTALACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID19

As persoas traballadoras comprométense ao seguimento e monitorización dos/das persoas usuarias das súas actividades e servizos e á comunicación e información ao Concello de Vedra se detectasen que calquera caso que presente algún sintoma compatible con estar infectado por Covid-19, como febre, tose, dificultade respiratoria etc, **non permitíndolle participar na actividade ou servizo.**

*** Procedemento no caso desta detección ou sospeita de que unha persoa usuaria ten síntomas compatibles co Covid19.**

1.- Informarase a persoa do procedemento a seguir de acordo ao punto 3.3 deste protocolo e a continuación contactará de inmediato co concello de Vedra.

2.- O concello de Vedra continuará o procedemento e a autoridade sanitaria de ser necesario.

3.4. OUTRAS MEDIDAS

ELEMENTOS DE PROTECCIÓN

- Porase a disposición dos traballadores o material de prevención que sexa necesario, e no caso das persoas usuarias deberase garantir que esten sempre provistos de material de protección debendo facerse cargo do mesmo os propios usuarios.

APARELLOS E MATERIAL

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirse consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os/as mecanismos de desinfección correspondentes. Concretamente no caso do ximnasio, cada persoa usuaria deberá desinfectar cada máquina ou aparello sempre despois da súa utilización.

EVITAR A CONFLUENCIA DE PERSOAS

- Promoverase a inscrición e o pagamento con tarxeta on line ou por transferencia, de xeito que non supoña contacto físico.

- Non se permitirá o acceso aos espazos e instalacións onde se realizan as actividades e servizos a ningunha persoa que non vaia directamente a realizar a actividade ou disfrutar do servizo contratado, ou realizar calquera xestión que non poida resolver de xeito telefónico ou por medios electrónicos.

-No caso dos menores de idade que asistan as actividades deportivas, os pais, nais, titores ou persoas encargadas de levalos ou ir a recollelos, non poderán acceder a instalación, deberán esperalos fora. Neste sentido, establecerase un horario estrito de entrada e saída da actividade, sen poder facelo posteriormente nin con anterioridade.

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- Informarase as persoas usuarias sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual.

- Facilitaráselles as persoas usuarias e ao persoal das instalacións e servizos deportivos, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, e tamén mediante a difusión a través de medios telemáticos, RR.SS. ou páxinas web.

- Contarase cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico -sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.

MEDIDAS DE FORMACIÓN

- Promoverase a formación, especialmente entre os traballadores do servizo para:

- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden

levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.

- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

Previamente ao inicio das actividades, o persoal realizará un ensaio/simulacro para axustar as medidas propostas neste protocolo á realidade e espazos concretos onde se vai desenvolver a actividade.

4.- PROCEDIMIENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Para a identificación das diferentes situacións potenciais de contaxio, partiremos dos mecanismos de transmisión do virus reportados polas autoridades sanitarias, establecéndose para esta ferramenta un sistema de categorías relacionadas entre si, adaptadas a práctica deportiva do servizo de deportes de Vedra:

- Considera aos axentes cos que pode haber contaxio: traballadores, persoas usuarias, outros alleos.

- Atende os momentos:

No caso dos traballadores (monitores e técnicos deportivos)

No acceso a instalación, durante a realización da xornada laboral (antes da práctica deportiva, durante a práctica deportiva, entre actividades ou servizos, despois da práctica deportiva) e na saída da instalación.

No caso dos traballadores (persoal de mantemento e limpeza)

No acceso a instalación, durante a realización da xornada laboral, na saída da instalación.

No caso dos traballadores (persoal de oficina)

No acceso a instalación, durante a realización da xornada laboral, na saída da instalación.

No caso das persoas usuarias

No acceso a instalación, antes da práctica deportiva, durante a práctica deportiva, despois da práctica deportiva e na saída da instalación.

- Identifica as posibles vías de contaxio: contacto, vía aérea, compartir material.

5.- IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS CORRECTORAS PERSOAIS

5.1.- TRABALLADORES:

MONITORES E TÉCNICOS DEPORTIVOS

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcolico
Dentro da instalación. Antes e despois da actividade ou servizo	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais.
Durante a actividade	Aéreo contacto	1.-Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Non compartir material e en caso de ser inevitable desinfectar unha vez utilizado 4.- En caso de compartir material desinfección de mans unha vez rematado o proceso de desinfección do material.
Dentro da instalación. Entre actividades e servizos	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m 3.- Utilización de xer hidroalcolico e lavado de man 4.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo contacto	1. -Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcolico

TRABALLADORES: PERSOAL DE MANTEMENTO E LIMPEZA

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcolico
Dentro da instalación en todo momento	Aéreo Contacto material	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Non compartir material e en caso de ser inevitable desinfectar unha vez utilizado 4.- En caso de compartir material desinfección de mans unha vez rematado o proceso de desinfección do material. 5.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo contacto	1. -Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcolico

TRABALLADORES: PERSOAL DE OFICINA

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcolico
Dentro da instalación en todo momento	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Non compartir material e en caso de ser inevitable desinfectar unha vez utilizado 4.- En caso de compartir material desinfección de mans unha vez rematado o proceso de desinfección do material. 5.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcolico

5.2.- PERSOAS USUARIAS

USUARIOS MENORES DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcolico
Dentro da instalación. Antes da actividade ou servizo	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Durante a actividade	Aéreo contacto material	1.- Emprego de máscaras 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Non compartir material e en caso de ser inevitable desinfectar ao final. 4.- En caso de compartir material desinfección de mans unha vez rematado o proceso de desinfección do material.
Dentro da instalación. Dende a finalización da actividade - servizo ata a saída	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcolico

USUARIOS ADULTOS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcólico
Dentro da instalación. Antes da actividade ou servizo	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Durante a actividade	Aéreo contacto material	1.- Emprego de máscaras 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Non compartir material e en caso de ser inevitable desinfectar ao final. 4.- En caso de compartir material desinfección de mans unha vez rematado o proceso de desinfección do material.
Dentro da instalación. Dende a finalización da actividade - servizo ata a saída	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcólico

USUARIOS ADULTOS DE SERVICIOS DEPORTIVOS: XIMNASIO

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcólico
Dentro da instalación. Antes do acceso ao ximnasio	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Durante a práctica deportiva dentro do ximnasio	Aéreo contacto material	1.- Emprego de máscaras 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfectar o material ou os aparellos ao remate de cada utilización. 4.- Desinfección de mans frecuentemente. 5.- Seguir as frechas direccionais
Dentro da instalación. Dende a finalización da actividade - servizo ata a saída	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcólico

5.3.- OUTRAS PERSOAS ALLEAS AS ACTIVIDADES E SERVIZOS

PAIS NAIS OU TITORES

Non se permite o acceso a instalación. Establécese un horario de entrega e recollida dos participantes menores de idade nas actividades.

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Fora da instalación, ao aire libre. Antes e despois da actividade	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m.

OUTRAS PERSOAS, POTENCIAIS USUARIAS OU CAUSAS DE ENTRAR POR FORZA MAIOR

Recoméndase utilizar o teléfono ou medios telemáticos (mail, plataformas de inscrición...). No caso de ter que entrar:

MOMENTO	TIPO CONTAXIO	MEDIDAS CORRECTORAS
Acceso a instalación	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis entrar con xel hidroalcolico
Dentro da instalación. Antes do acceso a oficina ou lugar onde sexa atendido	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Durante o momento que realiza a xestión	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m.
Dentro da instalación. Dende a finalización da xestión ata a saída	Aéreo contacto	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Seguir as frechas direccionais
Saída da instalación	Aéreo	1. Emprego de máscaras. 2.- Manter distancia interpersoal de 1,5 m. 3.- Desinfección de mans nada máis saír con xel hidroalcolico

6.- PROTOCOLO DE MEDIDAS PREVENTIVAS NOS DISTINTOS ESPAZOS E SITUACIÓNS

6.1.- XERAIS

- Non se permitirá o acceso a instalación a calquera persoa que manifeste sintomatoloxía compatible co COVID-19.
- So poderán acceder persoas que vaian a realizar práctica deportiva.
- Obrigatorio o usar de máscara en todo momento.
- En toda a instalación, incluíndo os accesos, manterase en todo momento a separación mínima de 1,5 metros.
- A instalación conta cun protocolo de desinfección implementado pola empresa homologada Servides.

6.2.- ACCESO E SAÍDA DA INSTALACIÓN

- Mantense a porta externa aberta e aos dous lados da porta interna hai unha solución hidroalcolica para os usuarios da instalación. É obrigatorio usala a entrada e saída.
- É obrigatorio seguir as frechas direccionais.

6.3.- PISTA POLIDEPORTIVA

- Pódese alugar mediante o procedemento habitual online.
- Pódese alugar en grupos de ata 25 persoas pero non se pode practicar ningunha modalidade deportiva na que non se poida manter a distancia mínima de 1,5 metros.
- Será obrigatorio o uso de máscara e manter a distancia interpersoal de 1,5 metros.
- Os menores de idade, deben acceder acompañados dun maior de idade que se fará responsable dos mesmos.
- No acceso a pista haberá un punto con xel hidroalcolico, papel e papeleira.
- Ventilarse diariamente debidamente a pista mediante o accionamento da impulsión e extracción de aire.

6.4.- XIMNASIO

- Aumentase a superficie do ximnasio para poder manter a distancia de seguridade.
- As máquinas do ximnasio teñen a separación obrigatoria de 1,5 metros
- Limítase o aforo a 14 persoas simultaneamente, pero non é necesario pedir cita.
- Acceso está controlado por un responsable da instalación e levarase un control de asistencia.
- Aínda que as portas estean abertas pasarase igual a tarxeta do control de acceso.
- É obrigatorio o uso de toalla so para uso propio.
- Recoméndase non levar mochilas nin nada que non sexa estritamente necesario para a práctica deportiva.
- Durante a práctica será obrigatorio o uso de máscara e manter a distancia interpersoal de 1,5 metros.
- Cada dúas máquinas dispónse un punto de con hidroxel, desinfectante, papel e papeleiras para as persoas usuarias.
- É obrigatorio ao rematar de utilizar unha máquina, aparello ou elemento é obrigatorio que a persoa usuaria o desinfecte con desinfectante e papel.
- Abrense todas as portas do ximnasio para a axudar a ventilación.

- Impulsión e extracción de aire funcionado permanentemente para favorecer a renovación de aire.

6.5.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE ADULTOS

- Todas as actividades se desenvolverán na pista polideportiva ou en espazos nos que se poida manter a suficiente separación e exista ventilación.
- Haberá unha separación entre actividades coa finalidade de evitar confluencias entre as persoas usuarias saíntes dunha actividade e as entrantes noutra.
- Será obrigatorio o uso de máscara e manter a distancia interpersoal de 1,5 metros..
- Limítase o aforo das actividades na pista a 25 persoas, podendo dividirse en subgrupos pero nunca superando esa cantidade.
- Nas actividades non existirá contacto físico, de xeito que aquelas tarefas que impliquen contacto estarán prohibidas e substituiranse por outras alternativas.
- Levarase un rexistro diario de asistencia as actividades.
- Recoméndase que cada persoa porte o seu propio material.
- En caso de utilizar material compartido, os usuarios deben colaborar na desinfección unha vez utilizado.
- Estableceranse na pista puntos con hidroxel, desinfectante, papel e papeleiras para as persoas usuarias.
- Ventilarse diariamente debidamente a pista mediante o accionamento da impulsión e extracción de aire.
- Recoméndase non levar mochilas nin nada que non sexa estritamente necesario para a práctica deportiva.

6.6.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE MENORES

- Todas as actividades se desenvolverán na pista polideportiva.
- Haberá unha separación entre actividades coa finalidade de evitar confluencias entre as persoas usuarias saíntes dunha actividade e as entrantes noutra.
- As nais, pais ou titores/as non poderán entrar na instalación agás de maneira excepcional e por indicación do persoal responsable.
- Será obrigatorio o uso de máscara e manter a distancia interpersoal de 1,5 metros.
- Limítase o aforo das actividades de menores a grupos de máximo 12 alumnos, podendo concurrir na pista pero en distintos espazos varios subgrupos, pero nunca superando a capacidade máxima da pista que é de 25 persoas.
- Nas actividades non existirá contacto físico, de xeito que aquelas tarefas que impliquen contacto estarán prohibidas e substituiranse por outras alternativas.
- Levarase un rexistro diario de asistencia as actividades.
- Recoméndase que cada persoa porte o seu propio material.
- Minimizarase o uso de material compartido e en caso de ser necesario, será desinfectado polo técnico ao remate das clases.
- Estableceranse na pista puntos con hidroxel, desinfectante, papel e papeleiras para as persoas usuarias.
- Ventilarse diariamente debidamente a pista mediante o accionamento da impulsión e extracción de aire.
- Recoméndase non levar mochilas nin nada que non sexa estritamente necesario para a práctica deportiva.

6.7.- ASEOS E VESTIARIOS

- O aforo máximo de cada aseo: masculino, feminino e persoas con discapacidade será de 1 persoa.
- Non está permitido usar os vestiarios.
- Está permitido o acceso aos servizos onde tamén haberá papel e solución hidroalcolica.

6.8.- OFICINA

- O aforo máximo da oficina será de 2 persoas incluíndo o persoal da instalación.
- Recoméndase que todas as xestións se realicen polo canles telemáticos ou vía telefónica.
- En caso de ser ineludible a capacidade máxima da oficina será de 1 persoa ou 2 conviventes.
- Deberase igualmente usar máscara e manter a distancia de 1,5 metros.

6.9.- TAQUILLAS

- Non se permite o seu uso

7. PLAN DE ALARMA- ESPAZO ESPECIAL PARA CASOS CON SINTOMATOLOXÍA COVID-19

Este espazo será a saída que se encontra a carón a que ate o momento era a sala de Karate, terá as ventás abertas contando con ventilación adecuada, unha papeleira con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

No caso de que un traballador, ou usuario das actividades, teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>).

Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En referencia ao anterior **recomendase unha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos traballadores e persoas usuarias das actividades.**

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica.

Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Si se percibira gravidade chamarase ao 061.

Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco.

Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

8.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE PERSOAS USUARIAS

A empresa queda a disposición do concello de Vedra, para que este como titular da instalación e dos servizos realice os debidos modelos de descarga de responsabilidade

9.- INFOGRAFÍAS INFORMATIVAS

A empresa indicará con carteis as distintas normas especiais e estará a disposición do concello para colocar toda a información que iste considere axeitada

10.- REFERENCIAS

O presente protocolo é redactado en base a normativa vixente de prevención da COVID 19 e as ordes e acordos do Ministerio de Sanidade do Goberno de España, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e do Concello de Vedra.